

En particular, a vítima será informada en todo momento da situación penitenciaria do agresor. Para estes efectos darase conta da orde de protección á Administración penitenciaria.

10. A orde de protección será inscrita no Rexistro Central para a Protección das Vítimas da Violencia Doméstica.

11. Naqueles casos en que durante a tramitación dun procedemento penal en curso xurda unha situación de risco para algunha das persoas vinculadas co imputado por algunha das relacións indicadas no punto 1 deste artigo, o xuíz ou tribunal que coñeza da causa poderá acordar a orde de protección da vítima de acordo co establecido nos puntos anteriores.»

#### Disposición adicional primeira.

O Goberno, por proposta do Ministerio de Xustiza, oídos o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Axencia de Protección de Datos, dictará as disposicións regulamentarias oportunas relativas á organización do Rexistro Central para a Protección das Vítimas da Violencia Doméstica, así como ó réxime de inscrición e cancelación dos seus asentos e o acceso á información contida neste, asegurando en todo caso a súa confidencialidade.

#### Disposición adicional segunda.

O seguimento da implantación desta lei levarase a cabo por unha comisión integrada por representantes do Consello Xeral do Poder Xudicial, da Fiscalía Xeral do Estado, das profesións xurídicas e dos ministerios de Xustiza, Interior e Traballo e Asuntos Sociais, así como por unha representación das comunidades autónomas e das entidades locais.

Corresponderalle a esta comisión a elaboración de protocolos de alcance xeral para a implantación da orde de protección regulada nesta lei, así como a adopción de instrumentos adecuados de coordinación que aseguren a efectividade das medidas de protección e de seguridade adoptadas polos xuíces e tribunais e as administracións públicas competentes.

#### Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Palma de Mallorca, 31 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**15478** REAL DECRETO 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais. («BOE» 184, do 2-8-2003.)

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, no seu título II, establece a normativa básica de ordenación do sector pesqueiro o desenvolvemento

da cal se trata de abordar neste real decreto, naqueles aspectos que están afectados pola recente reforma da política pesqueira común.

O Regulamento (CE) n.º 2369/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, modifica o Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector da pesca, e regula de forma preferente a modificación relativa á flota pesqueira na súa vertente de construción, renovación, equipamento e modernización dos buques pesqueiros e as súas axudas vinculadas ó Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) e ás medidas de carácter socioeconómico.

Pola súa vez o Regulamento (CE) n.º 2370/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, polo que se establece unha medida comunitaria urxente para o despezamento de buques pesqueiros, institúe unha medida comunitaria para o período comprendido entre 2003-2006, co fin de axudarlles ós estados membros a conseguir novas reducións do esforzo pesqueiro derivadas dos plans de recuperación adoptados polo Consello, aumentando as primas nun 20 por cento de acordo cos baremos previstos no Regulamento (CE) n.º 2792/99.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, en especial o seu capítulo III dedicado ó axuste da capacidade pesqueira, está dirixido a aplicar medidas para axustar a capacidade pesqueira da flota co fin de alcanzar un equilibrio estable e duradeiro entre esa capacidade pesqueira e as súas posibilidades de pesca, estendéndose a niveis de referencia da flota pesqueira, ó réxime de entradas e saídas e redución da capacidade total, ó intercambio de información e á condicionalidade da axuda financeira comunitaria e redución das posibilidades de pesca.

O conxunto da normativa comunitaria citada conforma a orientación dunha nova política pesqueira común, co obxectivo de suprimir capacidade, dirixindo a axuda financeira comunitaria destinada ó sector pesqueiro mediante o IFOP principalmente ó despezamento de buques pesqueiros. As axudas públicas para a renovación da flota limítanse ó período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2004. Límite temporal, tamén, aplicable ás axudas destinadas á exportación de buques pesqueiros a países terceiros e os buques destinados a constituír empresas mixtas.

A normativa específica citada fai necesaria a adecuación ó ordenamento xurídico interno.

De forma específica, o capítulo I establece o obxecto do real decreto con descrición dos ámbitos de aplicación.

O capítulo II recolle a renovación da flota e describe as condicións para a construción dos buques pesqueiros, a achega de baixas, a potencia dos motores, a actividade da baixa, o primeiro despacho para exercer a pesca e a necesidade de achegar aval bancario para os buques pesqueiros que se beneficien de determinadas axudas. Segue a tramitación de solicitudes de autorización de construción, indicándose de forma expresa o período de validez do informe favorable que debe emitir o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que terá unha duración de 18 meses, o órgano competente será a comunidade autónoma na que o buque fixe o seu porto base.

Descríbense os requisitos para a concesión de axudas á renovación da flota e faise referencia ós baremos que se conteñen no anexo I da norma.

O capítulo III refírese ó equipamento e modernización dos buques de pesca, e establécense as normas de ordenación seguidas dos requisitos para a tramitación de solicitudes de obras de modernización e equipamento dos buques pesqueiros, para finalizar co pagamento das axudas.

O capítulo IV regula o axuste dos esforzos pesqueiros, distinguindo a paralización definitiva como a supresión de toda actividade pesqueira por parte dos buques pesqueiros e a súa baixa nos rexistros tanto no censo da flota pesqueira operativa como o rexistro oficial de matrícula de buques. Regúlanse os requisitos para a obtención das axudas, a tramitación destas e o órgano competente, que é a comunidade autónoma en que se sitúe o porto base do buque, aínda que para a resolución e pagamento deberá remitirle periodicamente ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha relación das solicitudes que cumpran cos requisitos explicitados neste real decreto, que deberán estar priorizadas para proceder conxuntamente a examinalas propostas e adaptalas ó cumprimento dos obxectivos de redución do esforzo pesqueiro, tendo en conta a necesidade de resolver os problemas formulados polos acordos internacionais de pesca e a distribución do crédito financeiro estatal en función das disponibilidades orzamentarias.

O capítulo V regula os requisitos de concesión de axudas ás sociedades mixtas, que serán de xestión centralizada xunto á paralización temporal a que se refire o capítulo VI e, en concreto, o artigo 64.3. Xustifícase a xestión centralizada, de conformidade co disposto na doutrina do Tribunal Constitucional, como unha medida imprescindible para asegurala súa plena efectividade dentro da ordenación básica do sector pesqueiro, e garantir iguais posibilidades de obtención e gozo das axudas por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional.

Por último, o capítulo VIII refírese á xestión das axudas con especial sinalamento da distribución dos créditos, as garantías dos anticipos a beneficiarios últimos e a información e publicidade das resolucións estimatorias e o pagamento dos expedientes de axuda.

Foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2003,

## DISPONGO:

### CAPÍTULO I

#### Normas xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Por este real decreto regúlanse os aspectos relativos á construción e modernización de buques, o axuste dos esforzos pesqueiros, as sociedades mixtas, a paralización temporal das actividades e outras compensacións financeiras, tendo en conta a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

2. Os límites das participacións das administracións públicas nos investimentos susceptibles de ser cofinanciadas polo Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) serán os que se indican no anexo I.

3. As medidas sinaladas neste real decreto desenvolveranse mediante a garantía do cumprimento dos plans de recuperación, así como dunha xestión financeira correcta dos fondos do IFOP.

## CAPÍTULO II

### Renovación da flota

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS DE ORDENACIÓN

##### Artigo 2. *Autorización.*

Poderase autoriza-la construción de buques pesqueiros de acordo coas normas de ordenación establecidas neste real decreto.

##### Artigo 3. *Condicións das baixas.*

Toda autorización de construción de buques pesqueiros da lista terceira do rexistro oficial de matrícula de buques requirirá que a unidade que se vaia construír substitúa un ou máis buques achegados como baixa, e que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a baixa ou baixas achegadas sexan buques pesqueiros matriculados na lista terceira do rexistro oficial de matrícula de buques, que figure debidamente incluída no censo da flota pesqueira operativa e que estea libre de cargas e gravames.

b) A capacidade, expresada en arqueo bruto (GT) e potencia propulsora (Kw), das baixas achegadas atérase ó disposto no artigo 67.

c) Que a achega de baixas sexa por unidades completas, entendéndose por unidade completa o buque propiamente dito e os dereitos de pesca adscritos a este, polo que ningún buque que se vaia substituír poderá ser aplicado como baixa para a construción de máis dun buque.

Esta limitación non será esixida cando un ou varios armadores decidan construír en forma conxunta dúas ou máis embarcacións da mesma modalidade e censo. Para iso deberase cumprir co requisito de que o número de buques que se vaian construír sexa igual ou menor ó número de buques achegados como baixa, e que a proporción do arqueo entre a maior e a menor das baixas achegadas manteña, segundo proceda, algunha das seguintes proporcións:

1.<sup>a</sup> Cando a baixa de maior arqueo sexa maior ou igual a 100 GT, a proporción non deberá ser superior a 3.

2.<sup>a</sup> Cando a baixa de maior arqueo sexa menor de 100 GT e maior de 10 GT, a proporción non deberá ser superior a 4.

3.<sup>a</sup> Cando a baixa de maior arqueo sexa igual ou menor de 10 GT, non estará suxeita a proporción.

d) O buque ou buques achegados como baixa deberán ter exercido a actividade pesqueira durante un mínimo de 120 días nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de inicio do expediente de construción ou, se é o caso, á data de presentación da documentación da baixa ante o órgano competente da comunidade autónoma, que deberá incorporarse ó citado expediente. No caso de que o buque pesqueiro achegado como baixa fora dado de alta por reactivación no censo da flota pesqueira operativa, deberá ter permanecido reactivado polo menos dous anos e con actividade pesqueira durante ese período, sen prexuízo dos 120 días de actividade antes mencionados.

Excepcionalmente e para aquelas flotas suxeitas a cotas de pesca limitadas, baixo o abeiro de acordos pesqueiros internacionais, que non permitan alcanza-los 120 días de actividade esixidos no parágrafo precedente, deberán acreditar ter exercido unha actividade mínima de 75 días en cada un dos dous anos anteriores á presentación das baixas, segundo as condicións establecidas neste artigo.

Exímense do requisito de ter exercido a citada actividade pesqueira os buques que, como consecuencia de tratados ou acordos internacionais de pesca, paralizasen a súa actividade ou fosen dados de baixa no censo correspondente. Serán así mesmo eximidos do dito requisito os buques pesqueiros operativos perdidos definitivamente por accidente, neste caso os correspondentes dereitos de baixa terán un período de validez de 12 meses a partir do día en que se produciu o sinistro ou, se é o caso, desde a data de firmeza da resolución xudicial que declare a data do afundimento ou a propiedade do buque afundido, cando estes sexan obxecto de controversia. En todo caso, desde a data do accidente, o buque deberá ter exercido a actividade pesqueira 120 días no ano anterior.

e) En todo caso, a achega dun buque para unha nova construción será anotada na folla de asento do dito buque e levarase a cabo documentalmente mediante un compromiso de baixa, no cal o achegante desta se comprometa a dar de baixa o buque, nas formas descritas no artigo 6, cando a nova construción entre en servizo.

#### Artigo 4. *Orixe das baixas en función da modalidade.*

Cando se establecesen censos de buques para determinados caladoiros e modalidades de pesca e se pretenda construír un buque para incluílo nun deles, os buques achegados como baixa pertencentes ó dito censo deberán cubrir polo menos o 90 por cento do volume baixo cuberta principal da nova unidade, sen prexuízo das esixencias máis rigorosas que poida conte-la normativa específica que regule a concreta modalidade e caladoiro.

#### Artigo 5. *Potencia dos motores.*

1. Entenderase por potencia propulsora dun buque pesqueiro a potencia máxima ó freo de medida á saída do motor propulsor (potencia BHP), acreditada polos certificados expedidos pola Inspección de Buques do Ministerio de Fomento, como resultado das probas en banco de cada modelo e tipo de motor intraborda; no caso de motores foraborda, a medición e declaración de potencia estará de acordo coa norma UNE EN150 8665.

2. Poderase admitir un tarado límite do 20 por cento da potencia máxima recoñecida para o correspondente modelo e tipo de motor que se vaia instalar na nova unidade.

3. Prohíbese expresamente o tarado dos motores foraborda.

4. Os motores dos buques de nova construción terán as limitacións de potencia máxima continua en banco (BHP) en función da súa eslora total, que se indican seguidamente:

Eslora	Buques/percebe	Resto de buques
Ata 4 metros .....	12	10
Ata 5 metros .....	25	20
Ata 6 metros .....	30	25
Ata 7 metros .....	45	40
Ata 8 metros .....	65	55
Ata 9 metros .....	90	80
Ata 10 metros .....	120	100
Ata 11 metros .....	150	130
Ata 12 metros .....	190	160

#### Artigo 6. *Materialización das baixas.*

1. A regra xeral para dar de baixa no censo da flota pesqueira operativa ás unidades achegadas para a construción de novos buques pesqueiros será o despezoamento ou afundimento substitutorio de despezoamento.

O afundimento substitutorio de despezoamento autorizarase exclusivamente para os buques de madeira que cumpran os requisitos esixidos pola normativa vixente, e levarase a cabo nos lugares debidamente prefixados pola autoridade competente.

Os despezoamentos e os afundimentos substitutorios de despezoamento requirirán informe previo da Secretaría Xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación.

2. Así mesmo, poderase aceptar que a materialización da baixa achegada para a construción dun buque pesqueiro se realice por cambio de lista, exceptuando a lista cuarta e a lista sétima, sempre que se transfira a súa propiedade a unha entidade sen ánimo de lucro. O documento acreditativo da citada transmisión que deberá achega-lo solicitante deberá conter unha cláusula pola que o adquirente se comprometa a non transmitirlo novo buque nin volver exercer con este a pesca extractiva. Cando se produza a baixa, anotaranse estes datos na nova folla de asento do rexistro oficial de matrícula de buques e causará baixa no censo da flota pesqueira operativa; para este fin será necesario que conste esta materialización na resolución de construción e que se solicite posteriormente o cambio de lista.

3. Excepcionalmente, a comunidade autónoma na que teña o buque a súa base poderá autorizar que a baixa na lista terceira se realice por un procedemento distinto do despezoamento ou afundimento substitutorio, cando o buque se destine a fins culturais, ornamentais ou recreativos, sempre que a súa localización sexa fóra da auga e quede asegurada a imposibilidade do seu retorno a actividades a flote. Esta decisión poraa a comunidade autónoma en coñecemento do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación dentro dos 30 días seguintes.

4. Na renovación da flota pesqueira, en que as novas unidades teñan máis de 400 GT ou aquelas ás que non se lles concedera axuda pública para a construción, aceptarase a exportación definitiva para a súa achega como baixa, sempre que concorran as condicións seguintes:

a) Que o interesado se comprometa a efectuar a exportación do buque a un país non comunitario, excluídos aqueles a que se refire o artigo único do Real decreto 1080/1991, do 5 de xullo, no que se fixan os países e territorios ós que se lles atribúe un determinado carácter impositivo sobre beneficios fiscais, dos que se exceptúa para os efectos deste real decreto a República de Seychelles. Tamén quedan excluídos para estes efectos os países ribeiregos do océano Atlántico e do mar Mediterráneo, para aqueles buques dos que as modalidades de pesca estean afectadas polas medidas de conservación e xestión da Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (ICCAT).

b) Que o adquirente do buque exportado dispoña dunha licenza válida para pesca na zona económica exclusiva (ZEE) dun país terceiro con recursos mariños economicamente explotables.

#### Artigo 7. *Achega de baixas adicionais.*

No caso de que o arqueo ou a potencia do buque de nova construción sexa maior que o arqueo proxectado e autorizado, dará lugar á obriga de achegar baixas que cubran o aumento de arqueo ou potencia realizado sobre o autorizado, nas condicións que se regulan neste real decreto.

### Artigo 8. *Primeiro despacho para exercer-la pesca.*

Será requisito indispensable para autoriza-lo primeiro despacho para o mar do novo buque que se tramitase a súa alta no censo da flota pesqueira operativa e que as unidades achegadas como baixa se encontren inmovilizadas, entregadas as súas patentes de navegación e roles de despacho e iniciados os expedientes de despezamento, o de afundimento substitutorio ou, se é o caso, se así fora autorizado, o de exportación definitiva, ou destino a outros fins segundo o previsto neste real decreto, co fin de obte-la súa baixa definitiva na lista terceira do rexistro oficial de matrícula de buques e no censo da flota pesqueira operativa.

### Artigo 9. *Buques non achegables como baixa.*

1. Os buques obxecto de axudas por paralización definitiva da actividade pesqueira ou das axudas por achega a unha sociedade mixta non poderán en ningún caso ser utilizados como baixas para acceder a novas construcións ou obras de modernización.

2. Os buques que foran obxecto de axudas para a modernización ou construción non poderán ser achegados como baixa para modernizacións ou novas construcións ata que transcorreran como mínimo cinco ou 10 anos respectivamente desde a finalización das obras ou desde a entrada en servizo da nova construción, salvo que os novos armadores garantan suficientemente por medio de aval bancario a devolución das axudas ou o seu reintegro efectivo no momento da achega da baixa.

3. A contía que deberá cubri-lo aval calcularase inicialmente reducindo a axuda «prorrata temporis» desde a data de finalización das citadas obras ou desde a entrada en servizo do novo buque, ata a data de presentación da baixa.

4. No momento da entrada en servizo do buque para o que se achegou a baixa con garantía de aval bancario, farase efectiva a devolución da correspondente parte da axuda ascendendo o seu total á cantidade que corresponda nesa data «prorrata temporis», momento no que se procederá á devolución do aval bancario gardado en depósito.

5. O exposto anteriormente non será de aplicación ós buques achegados como baixa perdidos definitivamente en accidente.

### Artigo 10. *Baixas noutros supostos.*

A achega obrigatoria de baixas equivalentes nas condicións establecidas neste real decreto aplicarase tamén nos supostos de importación de buques pesqueiros, de alta na lista terceira de embarcacións procedentes doutras listas do rexistro oficial de matrícula de buques, e aqueles buques que, estando de baixa definitiva no censo da flota pesqueira operativa, soliciten a súa reincorporación.

### Artigo 11. *Adecuación ó caladoiro.*

Ademais das condicións establecidas neste real decreto, para autoriza-la construción, a importación ou a alta na lista terceira de buques pesqueiros destinados a ser incluídos nun determinado caladoiro, censo e modalidade de pesca requirirase o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa específica dos ditos caladoiros, censo e modalidade.

### Artigo 12. *Buques da lista cuarta.*

Nas autorizacións de construción de buques de lista cuarta do rexistro oficial de matrícula de buques non serán esixibles baixas equivalentes en arqueo ou potencia.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN DE CONSTRUCCIÓN

### Artigo 13. *Tramitación das solicitudes.*

1. As solicitudes de autorización de nova construción dirixiranse ó órgano competente da comunidade autónoma na que o buque vaia te-lo seu porto base.

2. A comunidade autónoma tramitará as solicitudes de construción aplicando a normativa básica do Estado e, unha vez revisada, remitiralle os expedientes ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que proceda á súa análise e expedición de informe favorable, se procede, sobre os aspectos relacionados coa súa competencia.

O citado informe favorable terá un período de validez de 18 meses dentro do cal se iniciará a construción do buque que deberá entrar en servizo antes do transcurso de dous anos contados desde o inicio da construción. Transcorrido o período de validez requirirase a iniciación dun novo expediente.

### Artigo 14. *Anulación e modificación do expediente.*

Considerarase variación do expediente de construción dun buque e, por tanto, requirirá a iniciación dun novo expediente cando existan modificacións das características de eslora, manga, puntal, arqueo e potencia do barco en máis do 20 por cento, cando existan cambios na baixa principal, cando exista cambio de material do casco, así como cando haxa implícito cambio de censo ou modalidade ou cambio de armador ou propietario.

### Artigo 15. *Cambio de titular.*

Cando se iniciara a construción e por calquera circunstancia o armador ou propietario non puidera levala a termo, admitirase o cambio de titular, sempre que exista escritura pública de venda a outro propietario ou armador. Así mesmo, admitirase o cambio de propietario cando sexa como consecuencia do falecemento do titular e se transmita á familia, ata o segundo grao de consanguinidade.

### Artigo 16. *Órgano competente.*

1. Tendo en conta o informe favorable mencionado no punto 2 do artigo 13, a comunidade autónoma resolverá o expediente de construción. De acordo co establecido no artigo 62 do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo, a autorización de construción da comunidade autónoma será previa á autorización que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, ó Ministerio de Fomento.

2. A autorización de construción da comunidade autónoma será comunicada por esta ó interesado, ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ó Ministerio de Fomento.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á RENOVACIÓN DA FLOTA

### Artigo 17. *Prazo das axudas.*

As axudas públicas á renovación dos buques pesqueiros previstas neste real decreto poderanse conceder ata o 31 de decembro de 2004.

**Artigo 18. Condicións para a concesión de axudas.**

Só poderán acollerse ás axudas os buques pesqueiros maiores de cinco metros de eslora total, menores de 400 GT e pertencentes á lista terceira do rexistro oficial de matrícula de buques. No caso de concesión de axudas na chegada de baixas, deberase ter en conta o disposto no artigo 68.

**Artigo 19. Contía das axudas.**

1. As axudas públicas, tanto nacionais como as procedentes do IFOP, axustaranse ó establecido no Regulamento (CE) n.º 2792/99 do Consello, modificado polo Regulamento (CE) n.º 2369/02.

2. Os gastos subvencionables mediante axudas públicas á renovación da flota non poderán supera-los importes duplicados que figuran nos baremos do cadro 1 do anexo.

3. As porcentaxes de participación do IFOP, do conxunto das administracións públicas e dos beneficiarios, serán as que se indican no cadro 3 do anexo, e o límite dos gastos máximos subvencionables serán os que se indican nos cadros 1 e 2 do mesmo anexo.

**Artigo 20. Requisitos para a concesión.**

Para a concesión das axudas públicas será requisito imprescindible que a construción do buque pesqueiro dispoña da correspondente autorización.

**Artigo 21. Devolución de axudas.**

Reembolsarase «prorrata temporis» a axuda para a construción concedida de acordo con este real decreto, cando o buque de que se trate se dera de baixa no censo da flota pesqueira operativa, dentro dos 10 anos posteriores á súa construción.

**Artigo 22. Órgano competente.**

As solicitudes de axudas financeiras para construción de buques serán resoltas polo órgano competente da comunidade autónoma na que se sitúe o porto base do buque.

**Artigo 23. Pagamentos parciais.**

1. Ata o 30 por cento da axuda concedida para a nova construción poderá serlle pagada ó beneficiario unha vez acreditado o inicio da construción do buque pesqueiro obxecto da axuda. A este respecto, considérase que a construción do buque foi iniciada cando se puxo a quilla nas construcións de madeira, ou cando se iniciou o moldeamento do casco nos buques de poliéster, ou cando se procedeu á ensamblaxe dunha sección do buque nas construcións de aceiro.

2. Ata o 60 por cento da axuda concedida para a nova construción poderá ser pagada unha vez botado o buque e instalado o motor principal.

O resto da axuda concedida para a nova construción será pagada, unha vez entrado en servizo o novo buque e acreditada a retirada da actividade pesqueira do buque ou buques achegados como baixa, mediante a entrega da patente de navegación e do rol de despachos, e iniciado o expediente de despezamento.

3. Os pagamentos parciais de axudas realizaranse contra facturas.

**CAPÍTULO III****Equipamento e modernización dos buques de pesca****SECCIÓN 1.ª NORMAS DE ORDENACIÓN****Artigo 24. Autorización.**

Poderanse autorizar obras de modernización e equipamento de buques pesqueiros, incluídos os cambios de motor, de acordo coas normas de ordenación que se establecen neste real decreto.

**Artigo 25. Requisitos para a autorización.**

Para a autorización de obras de modernización e equipamentos dos buques pesqueiros será requisito indispensable que os buques se encontren incluídos no censo da flota pesqueira operativa.

**Artigo 26. Achega de baixas.**

Para autoriza-las obras de modernización e equipamento de buques da lista terceira do rexistro oficial de matrícula de buques que supoñan incrementos de arqueo ou potencia deberanse achegar baixas de buques da lista terceira debidamente inscritos no censo da flota pesqueira operativa e de acordo co que se establece no artigo 67.

**Artigo 27. Modernización sobre cuberta principal.**

No que se refire ós buques que teñan cinco anos ou máis de existencia, a modernización da cuberta principal para mellora-la seguridade a bordo, as condicións de traballo, de hixiene e a calidade do produto poderá incrementa-la tonelaxe do buque, sempre e cando a dita modernización non aumente a capacidade de capturas do buque. Non será necesario achegar baixas cando se aplique este precepto.

**Artigo 28. Condicións.**

1. As condicións de achega de baixas serán as mesmas que as establecidas nas normas de ordenación para a construción de buques.

2. Para efectos de autorización de cambio de motor, aplicaranse as condicións máximas de potencia e tarado que para as novas construcións establece o artigo 5.

**Artigo 29. Motores foraborda.**

Os cambios de motor foraborda en embarcacións pesqueiras axustaranse ós requisitos seguintes:

a) Cando no rexistro oficial de matrícula de buques figure que o antigo motor foraborda está desmontado ou dado de baixa, a instalación dun novo motor foraborda requirirá a achega de baixas equivalentes á potencia que se pretenda instalar. Cando nun buque estea autorizado o uso alternativo de dous motores foraborda, poderán substituírse ámbolos dous motores por un novo motor foraborda que en ningún caso poderá ter unha potencia que supere a potencia do maior motor substituído.

b) En todo caso, a potencia máxima dun motor foraborda axustarase ó disposto no artigo 5.

c) Prohíbese expresamente o tarado de motores foraborda.

**Artigo 30. Adecuación ó caladoiro.**

Nas obras que supoñan cambio de censo, caladoiro ou modalidade de pesca dos buques, unha vez finalizada a obra, estes deberán cumprila normativa específica do novo censo, caladoiro e modalidade.

**Artigo 31. Buques da lista cuarta.**

As autorizacións de modernización e equipamento dos buques da lista cuarta do rexistro oficial de matrícula de buques non requirirán a achega de baixas equivalentes en arqueo ou potencia.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE OBRAS DE MODERNIZACIÓN E EQUIPAMENTO

**Artigo 32. Solicitudes.**

As solicitudes de autorización de obras de modernización e equipamento dirixiranse ó órgano competente da comunidade autónoma na que se sitúe o porto base do buque.

**Artigo 33. Tramitación das solicitudes.**

A comunidade autónoma tramitará estas solicitudes aplicando a normativa básica do Estado e remitiralle os expedientes ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que se proceda á análise e á expedición de informe favorable, se procede, sobre os aspectos relacionados coa competencia estatal naquelas obras que supoñan cambio de censo, de caladoiro ou modalidade de pesca ou que impliquen cambios estruturais no buque, incluíndo nestes os cambios de motor, tanto intraborda como foraborda.

**Artigo 34. Período de validez do informe.**

O informe favorable mencionado no artigo anterior terá un período de validez de 18 meses dentro do cal se deberán ter iniciado as obras de reforma, que deberán estar finalizadas nos 18 meses seguintes.

**Artigo 35. Órgano competente.**

A comunidade autónoma resolverá os expedientes de obras de modernización e equipamento no ámbito da súa competencia. Concedida a correspondente autorización, a comunidade autónoma notificaralla ó interesado, ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ó Ministerio de Fomento, para efectos do previsto no artigo 62 do Real decreto 1027/1998, do 28 de xullo.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Ó EQUIPAMENTO E MODERNIZACIÓN DE BUQUES PESQUEIROS

**Artigo 36. Condicións para a concesión de axudas.**

Poderanse conceder axudas públicas ó equipamento de buques pesqueiros, para a utilización de técnicas de pesca máis selectivas e de sistemas de localización de buques ou para a modernización daqueles, a propietarios de buques da lista terceira do rexistro oficial de matrícula de buques que se encontran debidamente inscritos no censo da flota pesqueira operativa, sempre que:

- a) Os buques non estean ofertados como baixa para novas construcións, ou presentados para ser subvencionados por paralización definitiva ou sociedades mixtas.
- b) As axudas non contribúan a incrementa-la capacidade, en termos de arqueo ou potencia.
- c) Non sirvan para aumenta-la eficacia das artes de pesca.
- d) Estean autorizadas as obras pola comunidade autónoma correspondente.

**Artigo 37. Importe dos gastos.**

1. Os importes dos gastos subvencionables mediante axudas públicas ó equipamento e modernización de buques pesqueiros non poderán supera-los baremos establecidos no cadro 1 do anexo.

2. Os gastos en equipamento e modernización non serán subvencionables durante os cinco anos seguintes á entrada en servizo dos buques que recibiran unha axuda pública á construción do buque de que se trate, excepto para o equipamento dos sistemas de control dos buques.

3. Ata o 31 de decembro de 2003, o custo da medición do novo arqueo de acordo co anexo I do Convenio Internacional sobre Arqueo será considerado custo elixible.

**Artigo 38. Devolución de axudas.**

Reembolsarase «prorrata temporis» a axuda para a modernización e equipamento, cando o buque do que se trate se dera de baixa do censo da flota pesqueira operativa, dentro do prazo de cinco anos posteriores á finalización das obras de modernización.

**Artigo 39. Órgano competente.**

As solicitudes dirixiranse ó órgano competente da comunidade autónoma na que estea situado o porto base do buque, que as transmitirá, resolverá e pagará de conformidade co previsto neste real decreto.

**Artigo 40. Pagamento das axudas.**

As axudas concedidas para obras de modernización e reconversión poderán ser pagadas unha vez comprobada a súa finalización e acreditada, se é o caso, a retirada da actividade pesqueira dos buques achegados como baixa, mediante a entrega da patente de navegación e o rol de despachos e iniciado o expediente de despezamento.

## CAPÍTULO IV

### Axuste dos esforzos pesqueiros

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS

**Artigo 41. Paralización definitiva.**

No marco deste real decreto, poderanse conceder primas á paralización definitiva da actividade de determinados buques pesqueiros, matriculados en todo caso na lista terceira do rexistro oficial de matrícula de buques e inscrito no censo da flota pesqueira operativa.

**Artigo 42. Cesamento de actividade.**

1. A paralización definitiva de buques dará lugar á supresión de toda actividade pesqueira por parte destes, á anulación da licenza de pesca e á súa baixa no censo da flota pesqueira operativa e no rexistro oficial de matrícula de buques.

Non se poderá substituí-la capacidade correspondente á licenza ou á autorización de pesca.

2. A dita supresión da actividade poderase realizar mediante:

- a) O despezamento do buque ou afundimento substitutorio do despezamento.
- b) Ata o 31 de decembro de 2004, o traspaso definitivo do buque a un país terceiro, incluso no marco dunha sociedade mixta, atendendo ás condicións esta-

blecidas no capítulo V, sempre que se cumpran os criterios seguintes:

1.º Que exista un acordo de pesca entre a Comunidade Europea e o país terceiro de traspaso, así como as garantías adecuadas de que non se vai vulnerar o dereito internacional, en particular no que se refire ás normas de conservación e xestión dos recursos mariños ou outros obxectivos da política pesqueira común e no que se refire ás condicións de traballo dos pescadores. No suposto de países que non dispoñan de acordo coa Comunidade Europea, deberá existir autorización da comisión para poder constituír unha sociedade mixta nalgún deles.

2.º Que o país terceiro ó que se traspase o buque non sexa un país candidato á adhesión.

3.º Que o traspaso supoña unha redución do esforzo pesqueiro respecto dos recursos previamente explotados polo buque traspasado; non obstante, non se aplicará este criterio cando o buque traspasado perda posibilidades de pesca no marco dun acordo pesqueiro coa Comunidade Europea ou no marco doutro acordo.

4.º Non se poderán traspasar a aqueles países que a Comisión prohibira expresamente a exportación de buques de pesca mediante publicación no Diario Oficial da Unión Europea.

c) A asignación definitiva do buque, exceptuando cambios ás listas cuarta e sétima, a tarefas non lucrativas que non sexan pesqueiras.

#### Artigo 43. *Requisitos para a obtención da axuda.*

1. As axudas por paralización definitiva só se concederán ós buques pesqueiros que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que estean inscritos no censo da flota pesqueira operativa.

b) Que estean en activo.

c) Que exerceran unha actividade pesqueira durante polo menos 75 días de pesca en cada un dos dous períodos de 12 meses anteriores á data de solicitude de paralización definitiva ou, se é o caso, unha actividade pesqueira durante polo menos o 80 por cento do número de días de mar autorizados pola normativa nacional vixente para o buque de que se trate.

2. En caso de perda do buque entre o momento da decisión de concesión da prima e a paralización definitiva real, o centro xestor efectuará unha corrección financeira equivalente á indemnización pagada polo seguro.

3. Un buque traspasado a un país terceiro para substituír un buque sinistrado propiedade dunha sociedade mixta non poderá beneficiarse de axudas públicas por paralización definitiva.

4. En caso de traspaso definitivo a un país terceiro, o buque deberá inscribirse no rexistro dese país terceiro sen demora e aplicaráselle a prohibición definitiva de volver a augas comunitarias.

5. As axudas por paralización definitiva unicamente poderán concederse a operacións de paralización definitiva que afecten os buques de 10 ou máis anos de antigüidade.

6. No suposto previsto no artigo 42.2.b), non se admitirá ningunha axuda pública por este concepto para os buques de tonelaxe inferior a 20 toneladas de rexistro bruto (TRB) ou 22 toneladas de arqueo bruto (GT), ou que teñan 30 anos ou máis.

#### Artigo 44. *Condicións para acollerse á prima por despezamento aumentada.*

Todo buque pesqueiro ó que se aplique un plan de recuperación adoptado polo consello poderá optar a unha prima por despezamento aumentada de acordo co artigo 46.d), a condición de que:

a) O buque pesqueiro tamén poida optar ás primas por despezamento de acordo con este real decreto, e

b) O seu esforzo pesqueiro tivera que reducirse un 25 por cento ou máis de resultados dun plan de recuperación.

#### Artigo 45. *Incompatibilidade das baixas.*

Os buques que foran obxecto dunha axuda por paralización definitiva non poderán ser achegados como baixas para novas construcións ou modernizacións.

#### Artigo 46. *Contía das axudas.*

As axudas por paralización definitiva pagadas ós beneficiarios non poderán supera-las cantidades seguintes:

a) En canto ás axudas previstas nos parágrafos a) e c) do artigo 42.2:

1.º Buques de 10 a 15 anos: baremos dos cadros 1 e 2 do anexo.

2.º Buques de 16 a 29 anos: baremos dos cadros 1 e 2 do anexo, reducidos nun 1,5 por cento por cada ano que supere os 15 anos.

3.º Buques de 30 anos ou máis: baremos dos cadros 1 e 2 do anexo, reducidos nun 22,5 por cento.

b) En canto ás axudas previstas por traspaso definitivo a un país terceiro, os importes máximos das primas por despezamento previstas no parágrafo a) anterior, reducidas nun 70 por cento.

c) En canto ás axudas por traspaso definitivo no marco dunha sociedade mixta, os importes previstos no artigo 58.

d) En canto ás axudas previstas no artigo 44, outorganse, de acordo co baremo establecido no parágrafo a) anterior, aumentadas nun 20 por cento.

#### Artigo 47. *Reducción das primas.*

As primas por paralización definitiva non serán acumulables con outra axuda comunitaria.

Estas primas reduciranse:

a) Nunha parte do importe percibido anteriormente en caso de axuda ó equipamento e á modernización; esta parte calcularase en proporción ó tempo dentro do período de cinco anos precedentes á paralización definitiva.

b) Na totalidade do importe percibido con anterioridade en caso de axuda á paralización temporal de actividade, no sentido do establecido no capítulo VI deste real decreto e en virtude do establecido no artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 2468/98, durante os últimos 12 meses anteriores á paralización definitiva.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> TRAMITACIÓN DAS AXUDAS Á PARALIZACIÓN DEFINITIVA

#### Artigo 48. *Órgano competente.*

As solicitudes de axuda por paralización definitiva dirixiranse ó órgano competente da comunidade autónoma en que se sitúe o porto base do buque.

**Artigo 49. Resolución e pagamento.**

1. As comunidades autónomas remitiranlle periodicamente ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha relación das solicitudes recibidas que cumpran co establecido neste real decreto, con especificación das propostas priorizadas.

2. A Secretaría Xeral de Pesca Marítima e os órganos competentes das comunidades autónomas procederán conxuntamente a examina-la adaptación das propostas priorizadas ó cumprimento dos obxectivos de redución do esforzo pesqueiro para a flota pesqueira, ás necesidades de eliminar modalidades de pesca non selectivas e estar incluídos en plans de recuperación ou de medidas urxentes de axuste do esforzo pesqueiro, a resolve-los problemas formulados polos acordos internacionais de pesca e á distribución do crédito estatal realizada en función das dispoñibilidades orzamentarias.

3. Alcanzado un acordo sobre as citadas propostas, as comunidades autónomas procederán á selección definitiva das solicitudes, á súa resolución e aboamento, se é o caso, das axudas correspondentes, tanto no referente á achega nacional como á comunitaria.

4. A solicitude de axuda por paralización definitiva deberá ir acompañada da relación de pescadores que forma parte da tripulación do buque obxecto de paralización definitiva. O pagamento quedará condicionado á acreditación de terlle comunicado á tripulación a resolución da correspondente axuda por paralización do buque.

**CAPÍTULO V****Sociedades mixtas****SECCIÓN 1.<sup>a</sup> REQUISITOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS****Artigo 50. Sociedades mixtas.**

1. Ata o 31 de decembro de 2004, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá conceder axudas ós proxectos de sociedade mixta que cumpran os requisitos establecidos neste real decreto.

2. Para efectos deste real decreto e de conformidade co Regulamento (CE) n.º 2792/1999, entenderase por sociedade mixta toda sociedade mercantil entre un ou varios socios nacionais e un ou varios socios do país terceiro no que estea rexistrado o buque.

**Artigo 51. Condicións para a concesión de axudas.**

As sociedades mixtas deberán cumprir-las condicións seguintes:

a) A creación e rexistro, de acordo coas leis do país terceiro, dunha sociedade mercantil ou participación no capital social dunha sociedade xa rexistrada, o fin da cal sexa unha actividade comercial no sector da pesca en augas baixo soberanía ou xurisdicción do país terceiro. A participación do socio español deberá axustarse ó que establece o artigo 2.1, parágrafos b) e d), do Real decreto 601/1999, do 16 de abril, polo que se regula o rexistro oficial de empresas pesqueiras en países terceiros.

b) A propiedade do buque debe transferirse á sociedade mixta no país terceiro. Durante un período de cinco anos, o buque non poderá ser utilizado para actividades pesqueiras que non sexan as autorizadas polas autoridades competentes do país terceiro, nin por outros armadores.

c) Cumpri-las condicións esixidas para a paralización definitiva no artigo 42 deste real decreto.

**Artigo 52. Requisitos.**

Para os efectos das axudas reguladas neste real decreto, os buques afectos a proxectos de sociedades mixtas terán que cumprir-las seguintes condicións:

a) Cumpri-las condicións esixidas para a paralización definitiva previstas no artigo 43.

b) Ter estado rexistrado nun porto español e en actividade, polo menos, os últimos cinco anos baixo pavillón español, nun ou varios dos casos seguintes:

1.º En augas comunitarias.

2.º En augas dun país terceiro, no marco dun acordo pesqueiro coa Comunidade Europea ou doutro acordo.

3.º En augas internacionais onde a pesca estea regulada por un convenio internacional.

**Artigo 53. Presentación de solicitudes.**

No momento da presentación da solicitude de prima para sociedades mixtas, o beneficiario deberá subministrar-la información seguinte:

a) Descrición do buque, incluíndo o número interior, a matrícula, a tonelaxe e a potencia, así como o ano de posta en servizo.

b) Servizo e actividade do buque nos últimos cinco anos, e condicións de exercicio desa actividade; indicación das zonas de pesca, tanto en augas comunitarias como noutras.

c) Axudas comunitarias ou nacionais recibidas anteriormente.

d) Demostración da viabilidade económica do proxecto, incluíndo, entre outros elementos:

1.º Un plan financeiro no que se indique as achegas dos diferentes accionistas en especie e en líquido; o limiar de participación dos socios comunitarios e do país terceiro; a proporción da axuda que se investirá en líquido no capital da sociedade mixta.

2.º Un plan de actividade dunha duración mínima de cinco anos no que se indiquen, en particular, as previsións acerca das zonas de pesca, zonas de desembarque e destino final das capturas.

e) Non será necesario o establecemento de tramos temporais para a concesión e pagamentos de axudas nas disposicións que desenvolvan este real decreto, e poderanse seleccionar tódalas solicitudes de axudas que se presenten, sempre que se cumpran tódolos requisitos establecidos.

**Artigo 54. Adecuación dos buques traspasados.**

Os buques traspasados no marco de sociedades mixtas deberán, nun prazo de seis meses a partir da decisión de concesión da prima, estar equipados con instalacións técnicas que lles permitan pescar en augas do país terceiro nas condicións indicadas na autorización de pesca expedida polas autoridades daquel, axustarse ás prescricións comunitarias en materia de seguridade e estar asegurado da forma conveniente fixada polo centro xestor. Os custos asociados a tal equipo, se se dá o caso, non serán subvencionables mediante unha axuda comunitaria.



**Artigo 55. Obrigas do beneficiario.**

O beneficiario deberá respecta-las condicións seguintes durante un período de cinco anos, a partir da entrada do buque na sociedade mixta:

a) Debe obter autorización previa para realizar calquera cambio das condicións de explotación do buque, en particular un cambio de socio, a modificación do capital social da sociedade mixta, o cambio de pavillón e o cambio da zona de pesca.

b) En caso de buque perdido por naufraxio, este deberá ser substituído por un buque equivalente, nun prazo dun ano despois do sinistro. O citado buque non poderá beneficiarse de axudas públicas.

**Artigo 56. Traspaso definitivo.**

1. A sociedade mixta estará acompañada do traspaso definitivo dun ou varios buques ó país terceiro correspondente, sen posibilidade de volver a augas comunitarias.

2. Se no momento da presentación da solicitude de prima por constitución de sociedade mixta non se reúnen os requisitos a que se refire o artigo 52, a axuda pública limitarase á prima por traspaso definitivo recollida no artigo 46.b).

**Artigo 57. Corrección financeira.**

Sen prexuízo do disposto nos artigos 29.4 e 38 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999, efectuarase unha corrección financeira da diferenza entre a prima por sociedade mixta e a prima por traspaso definitivo do mesmo buque (denominada no sucesivo «a diferenza») ou os reintegros e sancións a que, se é o caso, houber lugar, nos casos seguintes:

a) En casos de que o beneficiario notifique un cambio das condicións de explotación a consecuencia das cales sexa o incumprimento das condicións recollidas no artigo 51.a) e b), incluso no caso de venda do buque, de cesión da participación do socio comunitario ou de retirada do armador comunitario da sociedade mixta, efectuarase unha corrección financeira, equivalente a unha parte da diferenza; esta parte calcularase na parte proporcional do período de cinco anos, ou os reintegros e sancións a que, se é o caso, houber lugar.

b) En caso de que as autoridades competentes observen que non se cumpren as condicións previstas no artigo 51.a) e b) e no artigo 55, efectuarase unha corrección financeira equivalente á diferenza, ou os reintegros e sancións a que, se é o caso, houber lugar.

c) En caso de que o beneficiario non presente os informes de actividades recollidos no artigo 7 do Real decreto 601/1999, tras ter recibido un requirimento nese sentido do centro xestor, efectuarase unha corrección financeira equivalente a unha parte da diferenza; esta parte calcularase na parte proporcional do período de cinco anos, ou os reintegros e sancións a que, se é o caso, houber lugar.

d) En caso de perda do buque e de non substitución, a corrección financeira será equivalente a unha parte da diferenza; esta parte calcularase na parte proporcional do período de cinco anos, ou os reintegros e sancións a que, se é o caso, houber lugar.

**Artigo 58. Límite das primas.**

1. A prima pola constitución de sociedades mixtas non poderá exceder do 80 por cento da contía máxima da prima por despezamento prevista no artigo 46.a).

A prima non poderá acumularse coas primas por despezamento, por outros traspasos definitivos a un país

terceiro, nin por outros casos de paralización definitiva das actividades pesqueiras a que se refire o artigo 41.

2. Aboaráselle o 80 por cento do importe da prima ó solicitante no momento da entrega do buque á sociedade mixta, logo de presentación polo solicitante da proba de ter constituído unha garantía bancaria por un importe igual ó 20 por cento da prima.

3. O solicitante deberá presentar, durante cinco anos consecutivos, a partir da data de constitución da sociedade mixta ou da participación do socio comunitario no capital social da sociedade, os informes recollidos no artigo 7 do Real decreto 601/1999.

O saldo da prima seralle aboado ó solicitante despois de cinco anos de actividade e trala recepción dos informes correspondentes ás primeiras cinco anualidades, elaboradas segundo determina o Real decreto 601/1999, e o punto 5 do artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 2792/1999, modificado polo Regulamento (CE) n.º 2369/2002.

4. A garantía liberarase no momento da aprobación dos informes correspondentes á quinta anualidade, sempre que se cumpran tódalas condicións.

**Artigo 59. Redución das primas.**

A prima pola constitución de sociedades mixtas non será acumulable con outra axuda comunitaria concedida ó abeiro dos Regulamentos (CEE) n.º 2908/83 do Consello, do 4 de outubro de 1983, relativo a unha acción común de reestructuración, modernización e desenvolvemento do sector pesqueiro e de desenvolvemento do sector da acuicultura; n.º 4028/86 do Consello, do 18 de decembro de 1986, relativo a accións comunitarias para a mellora e a adaptación das estruturas do sector pesqueiro e da acuicultura, e (CE) n.º 2468/98 do Consello, do 3 de novembro de 1998, polo que se definen os criterios e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector da pesca, a acuicultura e a transformación e comercialización dos seus produtos. O cobramento desta prima reducirase:

a) Nunha parte do importe percibido anteriormente en caso de axuda á modernización ou de prima a unha asociación temporal á modernización ou de prima a unha asociación temporal de empresas; esta parte calcularase proporcionalmente ó período de cinco anos precedentes á exportación do buque.

b) Na totalidade do importe percibido con anterioridade en caso de axuda á paralización temporal de actividade, no sentido do artigo 64 deste real decreto e en virtude do artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 2468/98, aboada durante o ano anterior á exportación do buque.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> RESOLUCIÓN E PAGAMENTO****Artigo 60. Competencia, resolución e pagamento.**

A tramitación, resolución e pagamento será realizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co procedemento que para o efecto se estableza nas correspondentes ordes de convocatoria. Unha vez aboada a prima correspondente, comunicárselle á comunidade autónoma na que estea establecido o porto base do ou dos buques afectados, para os efectos que procedan.

**Artigo 61. Inscripción en rexistro específico.**

Para acceder ó pagamento da axuda os buques deberán estar inscritos no rexistro oficial de empresas pesqueiras en países terceiros.

## CAPÍTULO VI

**Paralización temporal das actividades e outras compensacións financeiras**SECCIÓN 1.<sup>a</sup> PLANS DE PARALIZACIÓN TEMPORALArtigo 62. *Obxecto.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas poderán adoptar plans de paralización temporal das actividades de buques pesqueiros por modalidades e caladoiros.

2. A adopción dos ditos plans de paralización temporal levará consigo o cesamento de actividade da flota afectada, o seu amarre a porto e a entrega do rol ou a patente de navegación ante os órganos correspondentes do despacho de buques, durante o tempo que a autoridade competente dicte ó respecto.

Artigo 63. *Condicións para a concesión de axudas.*

1. De acordo co artigo 16 do Regulamento (CE) n.º 2792/1999, modificado polo artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2369/2002, poderán concederse axudas financeiras con contribución do IFOP nas circunstancias seguintes:

a) En caso de acontecemento imprevisible, en particular se é resultado de causas biolóxicas: o período máximo de concesión das indemnizacións será de tres meses consecutivos ou seis meses para todo o período 2000-2006. Enviaráselle previamente á Comisión Europea as xustificacións científicas apropiadas.

b) En caso de non renovación ou de suspensión dun acordo pesqueiro para as flotas comunitarias que dependan daquel, o período máximo de concesión das indemnizacións será de seis meses; poderá prolongarse durante seis meses máis, sempre que se aplique á flota de que se trate un plan de reconversión aprobado pola Comisión Europea.

En caso de que o Consello aprobe un plan de recuperación ou de xestión ou de que a Comisión ou un ou varios estados membros decidan medidas de urxencia, o período máximo de concesión das indemnizacións por un Estado membro será dun ano e poderá ampliarse a outro ano adicional.

2. Así mesmo deberanse ter en conta os seguintes preceptos:

a) Poderanse conceder compensacións financeiras ós pescadores e propietarios de buques, en caso de restricción técnica, derivada dunha decisión do Consello, do uso de determinadas artes ou métodos de pesca; a duración do pagamento desta axuda, destinada a cubri-la adaptación técnica, estará limitada a seis meses.

b) O centro xestor determinará a contía individual real das indemnizacións e compensacións establecidas nos artigos precedentes, tendo en conta parámetros como o prexuízo real sufrido, a importancia dos esforzos de reconversión, a amplitude do plan de recuperación ou os esforzos de adaptación técnica.

c) Os buques pesqueiros os armadores dos cales poidan beneficiarse destas axudas deberán estar matriculados, en todo caso, na lista terceira do rexistro oficial de matrícula de buques e inscritos no censo da flota pesqueira operativa.

d) As paralizacións temporais que sexan financiadas con axudas públicas non poderán ser invocadas como contribución á redución do esforzo pesqueiro, nin estar motivadas por unha paralización estacional recorrente derivada da xestión normal da pesca.

e) Os expedientes de axudas tramitaranse e resolvanse tendo en conta os niveis de participación establecidos no anexo, cadro 3.

f) A paralización estacional recorrente da actividade pesqueira non poderá gozar de ningunha compensación.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> TRAMITACIÓN DAS AXUDAS Á PARALIZACIÓN TEMPORALArtigo 64. *Órgano competente.*

1. Os armadores ou pescadores poderán solicitar axudas á paralización temporal das actividades, que se dirixirán ó órgano competente da comunidade autónoma en que estea situado o porto base do buque.

2. A posta en vigor dun réxime de axudas por paralización temporal, no que a augas exteriores se refire, será consensuada previamente coa autoridade de xestión de IFOP.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no suposto de non renovación ou suspensión de acordos internacionais de pesca marítima que afecten as flotas de varias comunidades autónomas, poderán adoptar un réxime de axudas ós pescadores e propietarios de buques como consecuencia da paralización temporal da actividade pesqueira.

Artigo 65. *Notificación.*

Para obte-la autorización da Comisión Europea para unha contribución financeira do IFOP, deberáselle notificar-la medida á comisión e facilitarlle o cálculo pormenorizado das primas. A medida non entrará en vigor ata que a autorización da comisión se teña notificado.

Para tal fin, as comunidades autónomas remitiranlle esta notificación á autoridade de xestión, que o tramitará á comisión.

## CAPÍTULO VII

**Control do esforzo pesqueiro**Artigo 66. *Esforzo pesqueiro.*

1. Para efectos deste real decreto, entenderase por esforzo pesqueiro da flota ou dun barco a capacidade medida como a tonelaxe de arqueo bruto en GT e a potencia propulsora en KW, multiplicada polos días de mar.

2. As autoridades pesqueiras controlarán o esforzo pesqueiro para que non se superen os límites que establezan os órganos competentes da Unión Europea en función do artigo 12, epígrafe 1, do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002.

Artigo 67. *Entradas e saídas de capacidade.*

1. De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, para a renovación ou modernización da flota pesqueira, a entrada de nova capacidade de forma global deberá cumprir coas proporcións seguintes:

a) A entrada de nova capacidade na flota sen axuda pública estará compensada pola anterior retirada sen axuda pública de, como mínimo, a mesma capacidade.

b) A entrada de nova capacidade na flota con axuda pública, concedida despois do 1 de xaneiro de 2003, estará compensada pola anterior retirada sen axuda pública de:

1.º Como mínimo, a mesma capacidade, para a entrada de novos buques de 100 GT ou menos, ou

2.º Como mínimo, 1,35 veces a dita capacidade, para a entrada de novos buques de máis de 100 GT.

2. Non obstante, sen prexuízo do mencionado no punto 1.a) e tendo en conta as dispoñibilidades existentes de retirada sen axuda pública anterior ó 1 de xaneiro de 2003, en función dos niveis de referencia fixados para España, poderá adaptarse, conxunturalmente e de maneira individual, o réxime de entradas e saídas previsto no dito punto mediante o oportuno desenvolvemento normativo por orde ministerial.

## CAPÍTULO VIII

### Distribución de créditos

#### Artigo 68. *Distribución territorial de créditos.*

1. A distribución territorial dos créditos destinados ás presentes axudas estruturais e consignados nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizarase de acordo co artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, acordándose en conferencia sectorial os criterios obxectivos de distribución, así como a distribución resultante.

2. Na citada distribución terase en conta a programación orzamentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o conxunto do período, así como as propostas de investimentos prioritarios das comunidades autónomas para o exercicio correspondente.

Para estes efectos, as comunidades autónomas remitiranlle as súas propostas ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do 30 de setembro de cada ano.

3. A transferencia dos créditos dos fondos do IFOP ás comunidades autónomas para o pagamento das axudas ós investimentos que se van realizar efectuarase en función dos libramentos efectuados por este fondo e das necesidades das ditas administracións territoriais, logo da súa xustificación documental.

4. O disposto neste artigo non será de aplicación respecto das axudas reguladas no capítulo V e no artigo 64.3 do capítulo VI.

#### Artigo 69. *Información e publicidade.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información relativa ás resolucións estimatorias e ó pagamento dos expedientes de axuda. Así mesmo, remitirán a información relativa ó cumprimento dos obxectivos previstos neste real decreto.

2. Os beneficiarios das axudas concedidas facilitaranlle ó órgano competente da comunidade autónoma ou, se é o caso, da Administración xeral do Estado, tódolos xustificantes ou documentos acreditativos do cumprimento das condicións financeiras e demais requisitos, e permitirán a realización das inspeccións nacionais ou comunitarias que se consideren necesarias.

3. Os órganos correspondentes das comunidades autónomas ou, se é o caso, da Administración xeral do Estado verificarán os xustificantes dos pagamentos efectivamente realizados ós beneficiarios, así como a existencia ou non de modificacións importantes da operación durante un prazo de cinco anos, contados desde a aprobación do proxecto, de acordo co establecido no artigo 30.4 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais.

4. As comunidades autónomas establecerán nas súas propias normas de procedemento a forma de publi-

cidade que consideren adecuada en relación coa concesión das axudas previstas neste real decreto, de conformidade co artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se lles dea publicidade ás axudas concedidas ou pagadas de conformidade con este real decreto, debe-rase indica-la achega financeira de cada Administración pública. Así mesmo, cumprirase co disposto polo Regulamento (CE) n.º 1159/2000 da Comisión, do 30 de maio de 2000, sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os estados membros en relación coas intervencións dos fondos estruturais.

#### Disposición adicional única. *Prazo de resolución.*

O prazo xeral para a resolución dos expedientes que regula este real decreto será de seis meses.

#### Disposición transitoria única. *Solicitudes en trámite.*

1. As solicitudes de autorización de construción e modernización presentadas en rexistros públicos ata o 31 de decembro de 2002, sempre que se respecte o prazo previsto na disposición adicional única, rexeranse pola normativa aplicable anterior, e os seus expedientes deberán estar resoltos dentro dos tres meses seguintes á publicación deste real decreto.

2. O mesmo criterio aplicarase ás solicitudes de axuda, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto e, en especial, o Real decreto 228/1998, do 16 de febreiro, polo que se dictan normas sobre construción de determinadas embarcacións de menos de 2,5 toneladas de rexistro bruto.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 19.<sup>a</sup> da Constitución e na disposición adicional segunda.2 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, que lle atribúen ó Estado, respectivamente, competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases de ordenación do sector pesqueiro.

#### Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito de súa competencia, para dicta-las normas necesarias para o cumprimento e desenvolvemento deste real decreto.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca, o 1 de agosto de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

**ANEXO****Baremos e niveis de participación**1. *Baremos de participación relativos ás flotas pesqueiras***CADRO 1**

Categoría de buque por clase de tonelaxe (GT)	Euros
0 < 10	11.000/GT + 2.000
10 < 25	5.000/GT + 62.000
25 < 100	4.200/GT + 82.000
100 < 300	2.700/GT + 232.000
300 < 500	2.200/GT + 382.000
500 ou máis	1.200/GT + 882.000

**CADRO 2**

Categoría de buque por clase de tonelaxe de rexistro bruto (TRB)	Euros
0 < 25	8.200/TRB
25 < 50	6.000/TRB + 55.000
50 < 100	5.400/TRB + 85.000
100 < 250	2.600/TRB + 365.000

A partir do 1 de xaneiro de 2000 para os buques de máis de 24 metros entre perpendiculares, e a partir do 1 de xaneiro de 2004 para tódolos buques, só se aplicará o cadro 1.

2. *Niveis de participación financeira*

Para tódalas accións enumeradas nos capítulos II, III e IV, os límites da participación financeira comunitaria (A) do conxunto das participacións financeiras públicas (nacionais, rexionais ou doutro tipo) do Estado membro correspondente (B) e, se é o caso, da participación financeira dos beneficiarios privados (C) axustaranse ós requisitos seguintes expresados en porcentaxe dos gastos subvencionables.

## Grupo 1.

Primas por paralización definitiva de actividade, primas para a creación de sociedades mixtas, primas por paralización temporal da actividade e outras compensacións financeiras.

## Grupo 2.

Renovación da flota, equipamento e modernización dos buques pesqueiros.

CADRO 3

	Grupo 1 Porcentaxe	Grupo 2 Porcentaxe	Grupo 3 Porcentaxe	Grupo 4 Porcentaxe
Rexións do obxectivo 1 *	50 7 A 7 75 B 8 825	A 7 35 B 8 5 C 8 60	A 7 35 B 8 5 C 8 40	A 7 75 B 8 5 C 8 20
Comunidades Autónomas de Andalucía, Galicia, Castilla-La Mancha, Extremadura e Cidades de Ceuta e Melilla	50 7 A 7 80 B 8 20 **	A 7 35 B 8 5 C 8 60	A 7 35 B 8 5 C 8 40	A 7 75 B 8 5 C 8 20
Comunidade Autónoma de Canarias	50 7 A 7 85 B 8 15	A 7 40 B 8 10 C 8 50 ***	A 7 50 B 8 5 C 8 25 ****	A 7 75 B 8 5 C 8 20
Outras zonas	25 7 A 7 50 B 8 50	A 7 15 B 8 5 C 8 60	A 7 15 B 8 5 C 8 60	A 7 50 B 8 5 C 8 30

\* Incluídos os previstos no apartado 1 do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999.

\*\* Como excepción ó réxime xeral das rexións do obxectivo número 1 e unicamente en casos excepcionais debidamente xustificadas.

\*\*\* Como excepción ó réxime xeral das rexións do obxectivo número 1 e unicamente para os buques dunha eslora total inferior de 12 metros distintos dos arrastreiros, sempre que os buques estean rexistrados nun porto situado na Comunidade Autónoma de Canarias e efectivamente exerzan a súa actividade pesqueira a partir do dito porto ou noutro porto desa rexión, durante unha duración mínima de cinco anos.

\*\*\*\* Como excepción ó réxime xeral das rexións do obxectivo número 1 e unicamente en empresas de dimensión económica reducida, que terán que ser definidas no complemento do programa ó que se fai referencia no apartado 4 do artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999.

No caso dos investimentos nas pequenas e medianas empresas no sentido da Recomendación 96/280/CE da Comisión, os niveis (A) dos grupos 2 e 3 poderán ser obxecto dun incremento para formas de financiamento distintas das axudas directas, sen que este incremento poida supera-lo 10 por cento do custo subvencionable. A participación do beneficiario privado reducirase en consecuencia.

### 3. Rexións obxectivo número 1 e outras rexións

Rexións do obxectivo 1: inclúen as comunidades autónomas de Andalucía, Principado de Asturias, Cantabria, Castilla y León, Castilla-La Mancha, Comunidade Valenciana, Extremadura, Galicia, Canarias, Región de Murcia, e a Ceuta e Melilla.

Outras rexións: inclúen as comunidades autónomas de Aragón, Cataluña, Illes Balears, La Rioja, Madrid, Foral de Navarra e País Vasco.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**15479** *REAL DECRETO 1050/2003, do 1 de agosto, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de zumes de froitas e doutros produtos similares, destinados á alimentación humana.* («BOE» 184, do 2-8-2003.)

A Directiva 2001/112/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, relativa ós zumes de froitas e outros produtos similares, destinados á alimentación humana, substitúe a Directiva 93/77/CEE do Consello, do 21 de setembro de 1993, con obxecto de facer máis accesibles as normas sobre as condicións de produción e comercialización dos zumes de froitas e outros produtos similares e adaptala á lexislación comunitaria xeral aplicable a tódolos produtos alimenticios.

O Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de zumes de froita e doutros produtos similares, así como o Real decreto 1412/1994, do 25 de xuño, polo que se autoriza a elaboración de néctares de froitas sen adición de azucres ou mel, incorporaron ó ordenamento xurídico interno a Directiva 93/77/CEE do Consello, do 21 de setembro de 1993, relativa ós zumes de froitas e outros produtos similares.

Por motivos de claridade, procede derroga-los citados reais decretos 1650/1991 e 1412/1994 e substituílos por esta norma que incorpora a Directiva 2001/112/CE, co obxecto de simplificar e adecuar esta normativa á lexislación horizontal, en particular no relativo ós aditivos, regulada no Real decreto 3177/1983, do 16 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de aditivos alimentarios, así como actualízala etiquetaxe para a adaptar á Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada por Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo. Así mesmo, deben considerarse as normas establecidas no Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen normas de hixiene dos produtos alimenticios.

O volume de acervo da normativa en vigor na actualidade, en materia de lexislación horizontal, fundamentalmente nos aspectos relativos á saúde e protección dos consumidores, é moi superior ó do ano 1991 cando se publicou o anterior real decreto. Por iso, é aconsellable

a simplificación e posta ó día da norma nesta materia para evitar duplicidades, problemas de índole práctica e legal.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2003,

### DISPÓÑO:

*Artigo único. Aprobación da regulamentación técnico-sanitaria de zumes de froitas e outros produtos similares destinados á alimentación humana.*

Apróbese a regulamentación técnico-sanitaria de zumes de froita e doutros produtos similares, destinados á alimentación humana, que se insire a continuación deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Os produtos obxecto de regulación por este real decreto que non se axusten ó disposto nel poderán seguir comercializándose ata o 12 de xullo de 2004, sempre que cumpran o disposto nas disposicións vixentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, permítese a comercialización daqueles produtos que, sen se adecuren ó previsto neste real decreto, fosen etiquetados antes do 12 de xullo de 2004, de conformidade co Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro, ata que se esgoten as súas existencias.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Derrógase o Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de zumes de froita e doutros produtos similares, así como o Real decreto 1412/1994, do 25 de xuño, polo que se autoriza a elaboración de néctares de froitas sen adición de azucres ou mel. Así mesmo derróganse as disposicións relativas a «clarificantes e coaduvantes da filtración», unicamente para os zumes de froita e os seus derivados, contidas na Resolución do 21 de abril de 1983, da Subsecretaría do Ministerio de Sanidade e Consumo, pola que se aproba a lista positiva de aditivos e coaduvantes tecnolóxicos para uso na elaboración de zumes de froitas e outros vexetais e os seus derivados.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, mantense a vixencia dos artigos 16, 17 e 18 do Real decreto 667/1983, do 2 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de zumes de froitas e doutros vexetais e dos seus derivados, así como daquelas das súas disposicións que resulten de aplicación ós zumes doutros vexetais e os seus derivados.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ó Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.